

---

# REVISTA MENSUAL HORTOCOLIÑA

---

OUTUBRO 2020

---

## OUTONO/OUTUBRO

Este mes sempre está cheo de diversión: O Outono. É o tempo de apañar as castañas, poñelas a quentar e comelas asadas. Na miña opinión o que máis lle gusta aos nenos do outono e o mes de outubro non son as castañas, senón o Samaín: a festa do medo. A festa do Samaín celébrase o 31 de Outubro, o último día do mes, e aos nenos gústalle tanto porque ese día, pola noite, van a pedir caramelos ás casas dos barrios. Unha das cousas máis divertidas da festa do Samaín é disfrazarse de pantasma, esqueletos, meigas, monstros, morcegos... Tamén se decoran as casas con cabazas con cara e luces dentro

## O OUTONO

As miñas experiencias

O meu avó ten moitos castiñeiros e case todos o días nos fai castañas asadas e cocidas tamén ten moitas uvas polo que este mes poñémonos as botas .

Na nosa aldea reunimos todos os veciños para celebrar o magosto, aínda que este ano polo COVID non o creo, e despois tomamos castañas e chourizos.

É moi bonito pasear polo monte porque ves moitas árbores de folla caduca.



## ADIVIÑAS

No aire se cría  
no aire se ten  
bota unha risada  
e perde o que ten.

Quen son?

Son de cor laranxa.  
dentro de mín teño pepitas.  
comigo podense facer purés.  
xa sabes quen son?

Cando cambiamos de cor  
caemos sen parar  
e non deixamos de bailar.

Quen son?

## POEMA

Os paxaros marchan  
buscando calor.  
As follas que caen  
cambian a súa cor.  
O día e mais curto  
quenta pouco o sol  
uvas e cogomelos  
que ricos que són

## FOTOS DE OUTONO



# CONTOS DE OUTONO

## A CASTAÑA DOURADA

Era unha mañá fresca en Lugo, o vento empurraba as follas amarelas das árbores e a xente na rúa estaba a apañar castañas. Antía unha rapaza de oito anos estaba pola mañá na súa casa, porque non lle gustaba saír a apañar castañas. Un día estaba xogando cos seus amigos e viu unha castaña nunha árbore que lle pareceu estraña. Era dourada e pequena. A rapaza intrigada, porque nunca vira unha castaña así, foi correndo a collela. Cando a colleu quedou pampa, era a primeira vez que vira unha castaña así, así que gardouna no peto e volveu onda os seus amigos. Estiveron falando e xogando un anaco máis e despois cada un foi para a súa casa. Cando chegou estivo un cacho observando a castaña e despois foi a durmir. No medio da noite Antía espertou e quedou abraiada. A castaña estaba brillando, e díxolle: Pídeme tres desexos que eu voucho a conseguir. Antía sen pensalo dúas veces comezou pedindo unha cama elástica. Sempre quixera ter unha pero seus pais non lla regalaban. O seu segundo desexo foi unha televisión. Súa nai sempre quixera ter un. E por último non sabía que pedir, quería pedir

algo extraordinario que non o houbera en calquera lado algo como, como.... A Antía non se lle ocorría nada e pensou e pensou e... Dixo xa sei que pedir. O seu terceiro e último desexo era un avión de verdade. Ela sempre quixo ser piloto de avións. Pero non quería un avión grande solo quería un pequeno para xogar ela máis os seus amigos. Antía espertou, solo era un soño, fixouse ben na castaña e non era dourada só estaba pintada. Volveu a durmir e pensou que inxenua como puiden imaxinarme que unha castaña falara.

## POESÍA

No mes de setembro  
o vas a ver  
castañas vas a comer !

Se queres comer  
conmigo castañas  
ven a miña casa!

No mes de outubro  
vas a comer  
as castañas do revés!

## REFRÁNS

"A lúa de outubro 7 días cubre e se chove nove".

"En san martiño mata o teu porquiño".

"Por San Martiño faise o magosto con castañas asadas e viño".

"Castañas, noces e viño, fan as delicias do San Martiño".

"Polo San Martiño vai ver o teu soutiño".

"Castañas no Nadal saben ben e pártense mal".

"Temperá é a castaña que por setembro regaña".

"Fíate das castañas asadas, que se estoupan, saíranche á cara".

"Con castañas asadas e sardiñas salgadas non hai viño ruín".

"A horta de outono mantén ao seu dono"

"En outubro non molesta o lume".

"Cabazas coloridas, en outono recollidas"

"Outono presente e o inverno na acera de enfrente".

## CANTIGA DE OUTONO

Outono bonito  
folliñas no chan,  
castañas asadas  
que ricas están.

Acabouse a vendima  
comeza a esfollada,  
tempo de comer  
castañas asadas.

## PENSAMENTO

As castañas son coma as persoas, algunhas son amargas ou teñen un bicho, pola contra outras son tiernas e ricas. As malas botas a basura e quédate cas boas.



# RECEITAS

## Galletas do magosto

Ingredientes:

-250 gr de fariña

-125 gr de azúcre.

-3 cucharadas de auga de azahar

-100 gr de azucre glass

-chocolate de cobertura

-125 gr de manteiga

-1 ovo



1 clara de ovo

-unhas gotas de zume de limón

-dúas castañas

Elaboración:

1.Pon a manteiga a fogo lento nun cazo, cando se funda bota o azucre, a auga de azahar, o ovo e a fariña.



2.Amasa todo e forma unha bola.

3.Envólvea en papel transparente de cociña e déixao no frigorífico durante 45 minutos.

4.Extende a masa con un rodillo e corta as galletas con moldes de magosto:castañas, follas, ourizos, árbores, cabazas e todo o que se vos ocorra.

5.Mete as galletas no forno a 180 °C durante 10-15 minutos.

6.Saca do forno e deixa enfriar.

7.Bate a clara a punto de neve, engade un pouco de azucre glass e unhas gotas de zume de limón.

8.Funde o chocolate a fogo lento nun cazo e pica as castañas moi pequeniñas para mezclalas co chocolate.

9.Cando as galletas estean frías decora co chocolate e co glaseado.



## CHISTE

Un turista que fora ao deserto de excursión quería montar en camelo, así que foi ao posto onde se prestaban estes animais. O dono dos camelos díxolle que para que o animal fora cara adiante, tiña que dicir "UF", e para que parase tiña que dicir "OF". Ao cabo de media hora, o turista e o camelo están dando un paseo tranquilamente polo deserto, ata que o turista ve un barranco preto deles. O turista ponse moi nervioso xa que non se acordaba do que tiña que dicir para que o camelo parase de andar. Agora o camelo, case coas patas fora do solo, ao turista acórdalle o que ten que pronunciar para que o animal se detivera e moi rápido pronuncia Of!!, entón o turista, aliviado, suspira Uf!

## ONDE ESTOU AGOCHADO?



# O OUTONO EN 2º DE PRIMARIA

Rito

MAGOSTO 2020  
LEIPP SIGUIRO



es aerosoles, de  
de los principal  
ado que tie  
ciones de

Aquí termino a magosta,  
que vivo a festa ranchada.  
Os memórias deste coloxio,  
Terán boise cantada.

Outono chegar, pora elan.

Castañas en coción, en outono  
e melonera, boa alimentación

Candela, casta secadora.



## COLABORADORES:

Nesta revista colaboraram os nenos e  
nenas de 6º e 2º de primaria.